



CONCELLO DE  
**MONFORTE  
DE LEMOS**

### ANUNCIO

## **APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA DE MAIO DE 2017 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Resolución de Alcaldía do día 9 de xuño de 2017 aprobáronse os padróns da Axuda ao Fogar Básica e Lei dependencia do mes de MAIO de 2017.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, notificáanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, 19 de xuño de 2017 ata o 21 de agosto de 2017.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 9 de xuño de 2017.

O Alcalde

P.S.

A Concelleira de Facenda

Gloria María Prada Rodríguez

